

Adegas Participantes

A Man de Prado	Bolmente	Marcelino I	A Carqueixa Proendos
Algueira	Franco - Doade	Bodega Mauricio Lorca	O Barrio - Figueiroá
Barbado	Proendos	Bodega Petró	Doade
Cividade	Outeiro - Bolmente	Proencia	Sanxillao - Proendos
Cruceiro	Vilachá - Doade	Rectoral de Amandi	Amandi
Don Bernardino	Cima de Vila Brosmos	Rectoral de Gundivós	A Airexa - Gundivós
D' Fran	Vilachá - Doade	Regina Viarum	Doade
Finca Cuarta	Outeiro - Proendos	Bodega Soutelo	Lamas - Bulso
Guímaro	Sanmil - Brosmos	Adega Tear	Suairexa - Figueiroá
Gullufre	A Airexa - Lobios	Val da Lenda	Cantón - Amandi
Lucenza	Corvelle - Proendos	Viña Frieira	Vilachá - Doade
Malcavada	Rosende		

EXPOSICIÓNS

Do 15 de marzo ao 15 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados ao concurso de carteis da XLIII Feira do Viño de Amandi.

Do 6 ao 14 de marzo a exposición itinerante Inmarcesibles estará no Concello de Bóveda e do 20 ao 31 de marzo no IES Río Cabe de Monforte.

CATA DE VIÑOS

Cun xurado profesional celébrase una precata e cata final dos viños expostos na Feira.

Entréganse tres primeiros premios para viños tintos da anada de 2022, un premio para viños brancos da anada de 2022, un premio para viños rosados da anada 2022 e un premio para viños envellecidos en barrica.

Organiza: Vinosacra

CONCURSO DESEÑO DE CARTEIS

Presentáronse 30 orixinais chegados de diferentes puntos do Estado. O xurado acordou outorgar o primeiro premio ao traballo presentado por Daniel Camino Barral de Arzúa.

CONCELLO INVITADO — QUIROGA



Quiroga é a capital da Comarca do mesmo nome.

Na produción agroalimentaria destaca polo seu aceite, o mel e o viño.

Conta cun rico patrimonio cultural e xeolóxico.

Forma parte do Xeoparque Mundial Montañas do Courel e da Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Montes do Oribio e O Courel.

É un concello moi dinámico que conta cos servizos de calquera cidade.



31 DE MARZO, 1 E 2 DE ABRIL

XLIII FEIRA DO VIÑO DE AMANDI SOBER



Mes do Amandi

O **sábado 4 de marzo** presentación no hórreo romano de Proendos da programación da XLIII Feira do Viño de Amandi, as actividades que forman parte do Mes do Amandi e o cartel anunciador do evento, cuxo autor é o deseñador gráfico Daniel Camino.

O **martes 7 de marzo** o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober acollerá o Obradoiro para o alumnado de Decoración de Globos para a confección dun panel '8M' xigante.

O **mércores 8 de marzo** ás 18:30 horas no Restaurante Berso terá lugar a Cata de viños monovarietais de variedades autóctonas dirixida por David Pascual, presidente da Asociación Galega de Enólogos. Será necesaria a inscrición previa no Concello de Sober. Organiza: Vinosacra.

O mesmo día desenvolveranse varias actividades relacionadas co 8M, como a colocación do decorado de globos no balcón da Casa Consistorial, a presentación en redes sociais do Proxecto de Igualdade do Concello de Sober para 2023 e unha recompilación tamén nas redes oficiais do Proxecto de 2022 "Inmarcesibles".

O **venres 10 de marzo** ás 17:30 horas haberá unha charla da arquitecta Técnica Lucía Rodríguez nas Merendas con Contos.

Mentres que ás 19:30 horas farase a presentación no Centro Sociocultural de 'A riqueza arqueolóxica de Sober. Resultados das últimas escavacións en Proendos' a cargo do arqueólogo Francisco Alonso Toucido.

O **venres 17 de marzo** ás 17:30 horas os participantes nas Merendas con Contos visitarán os viñedos de Viticultores do Amandi.

Ás 19:30 horas no Centro Sociocultural farase a presentación do libro 'Aproveitamento do mineral de ferro de Freixo' organizado pola Librería da Proencia.

O **martes 21 de marzo** ás 12:00 horas na Escola de Hostalería de Rosende terá lugar o concerto 'A cultura musical do noso viño', música de raíz da Fundación Legar.

O **mércores 22 de marzo** ás 12:00 horas no CEIP Plurilingüe Virxe Carme haberá un 'Taller de Iniciación a análise sensorial' organizado por Vinosacra.

O **xoves 23 de marzo** de 12:30 a 14:30 horas na Escola de Hostalería de Rosende haberá unha Xornada de Maridaxe: Viño de Amandi con Pataca de Galicia. Colaboran: Fundación Belarmino Fernández e IXP Pataca de Galicia.

O **sábado 25 de marzo** ás 19:30 horas no Centro Sociocultural de Sober terá lugar o Recital de Piano a cargo de Laura Ballestrino organizado polas Xuventudes Musicais de Sober.

Ás 21:00 horas no Pavillón do CEIP Virxe do Carme terá lugar a presentación da nova tempada de Barantes Sport, organizada por Barantes Sport.

O **martes 28 de marzo** de 10:00 a 14:00 horas no Centro Sociocultural de Sober levarase a cabo o '3º Concurso de sumillers' organizado pola Escola de Hostalería de Rosende.

Programa de Actos

Venres 31 de Marzo

-Ás 20:00 horas: Inauguración a cargo da **ADEGA FRIEIRA** de Vilachá de Doade, en lembranza de **RAMÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**.

-Ás 20:30 horas: Actuación dun grupo de música tradicional

-Ás 22:30 horas: Actuación da Charanga **FESTICULTORES TROUPE**.

Sábado 1 de Abril

-Ás 11:00 horas: Apertura de stands

-Ás 12:00 horas: Actuación do Grupo de Musica Tradicional **RECHOUCHIOS** de Taboada.

-Ás 17:00 horas: **Comenzo da Precata Oficial**.

-Ás 18:30 horas: CONCERTO da **BANDA DE MÚSICA DE SOBER**.

-Ás 20:00 horas: Actuación da Charanga **LOUBAND** de Sarria.

-Ás 23:00 horas: Actuación de **GIN TONIC'S** na Praza do Concello.

Domingo 2 de Abril

-Ás 10:45 horas: Actuación da **Charanga NBA**.

-Ás 11:00 horas: Pasarúas coa **BANDA DE MÚSICA DE SOBER**.

-Ás 11:30 horas: Comezo da **Cata Final Oficial**.

-Ás 11:30 horas: **Misa Solenne coa Bendición de Ramos**, na Igrexa de Sober.

-Ás 12:30 horas: Recepción de Autoridades na Casa do Concello.

-Ás 13:00 horas: **PREGÓN** a cargo de **Xosé Antonio Touriñán**.

-Ás 13:30 horas: Entrega de Premios.

-Ás 17:30 horas: Actuación da **Charanga NBA**.

-Ás 19:30 horas: Baile coa orquestra **LA OCA BAND**.

**¡ Vén a Sober !
¡ Goza do Amandi !**